

## 33

## Cincuenta años de programación relixiosa

**José Manuel Castro Alba**

*Sacerdote y consiliario de Cope Lugo*

Estase a celebrar o cincuenta aniversario da creación de Radio Popular-Cadena Cope, en Lugo. Pero case que poderíamos falar das vodas de ouro se nos referimos á historia dos primeiros anos na Diocese. Radio Popular nacía, emitindo nos campanarios dos templos parroquiais, como froito da ilusión evanxelizadora dunha Igrexa que ansiaba facerse oír tamén por aqueles que non ían ós templos. De feito, as primeiras emisións radiofónicas da programación relixiosa non foron na cidade de Lugo, senón en Sarria e Lalín; nesta última localidade, baixo a responsabilidade de Xesús Mato, entre os anos 1958 e 1964. O Pai Mato lembra este tempo como unha etapa de radio "casi artesanal", pero de gran eficacia e transcendencia.

No ano 1959 empezaba a dar os primeiros pasos a Cadena Cope. Estaba a xestarse unha importante fusión. Deste xeito, no ano 1964, desaparecían as emisoras parroquiais para dar paso ás diocesanas, e, en 1965, aprobábanse os primeiros estatutos da Cope. Neste tempo preparábanse tamén as primeiras emisións de Cope-Lugo dende o Pazo Episcopal, na *Cidade do Sacramento*.

### Breve historia da programación relixiosa en Cope-Lugo

Despois da fundación da emisora, en Lugo, polo singular impulso do bispo Antonio Ona de Echave, o padre Mato, dende o mes de marzo de 1967, semana tras semana, domingo tras domingo, presidía a retransmisión da Santa Misa para os enfermos. E, aínda que nos comezos se celebraba en castelán, a partir



*O Padre Mato, nos primeiros tempos de emisións, e a capela das Salesas, onde se retransmitía a Santa Misa, con Carlos na mesa de son*

de 1978 e ata a actualidade, celebrouse sempre en galego. Tres foron os lugares de emisión, respectivamente: nunha primeira etapa dende a capela maior da Casa Diocesana de Exercizos; posteriormente, durante unha fase moi breve, dende os propios estudos da emisora; e a partir do ano 1990, dende a Capela do Mosteiro da Visitación das Madres Salesas, no lugar de Valiño, e coa valiosa colaboración da comunidade, tanto no canto como na participación eucarística. Dúas veces ó ano, en datas tan sinaladas como o Domingo de Pascua e o día da Ofrenda de Galiza ó Santísimo Sacramento, retransmítese a Santa Misa dende a Catedral de Lugo.

A programación relixiosa nunca faltou, con máis ou menos intensidade, en Cope-Lugo. Proba delo son os numerosos programas que se emitiron nas distintas épocas. Son de destacar os programas de emisión cotiá nos que participou como director e presentador o Padre Mato: **Oración de la mañana** (anos 1967-1972), **El Ángelus** (1967-1974), **O Anxeliño** (1974-1980). De retransmisión semanal: **Iglesia Noticia** (1968-1974) e **Testimonio** (1975-1980), os luns; ademais de **La Biblia en casa** e **Y mañana... Domingo**, entre outros. Para toda Galicia, os sábados, durante o curso 1979-1980, emitíuse un informativo relixioso. Sacerdotes profesores do Seminario, tales como J. Antonio González García e Jaime Delgado Gómez, colaboraron nalgúns programas. A cargo do Secretariado de Medios de Comunicación Social da Diocese realizáronse tamén programas de contido sociocultural, entre eles **Unha mau, amigo**, **Nosotros los enfermos** e **A nosa xente**.





*Os espazos diocesanos en Cope enchían os estudos de xente de todas as idades e lembraban aos primeiros tempos da emisora*

Cope Lugo foi pioneira na emisión de misas en galego dende os seus comezos co Pai Mato. As emisións en galego continuaron durante moitos anos ata a retirada do espazo de antena, substituído pola emisión a nivel nacional da Santa Misa. Foron moitos os sacerdotes que pasaron por este espazo. Cómpre destacar aos seguintes: o padre Mato, Mario Vázquez -dende 1983 ata 1996, Daniel García -de 1997 a 1998-, Luciano Armas -de 1998 a 1999-, David Gil Mato -de 1999 a 2000-, e a partires do 2000, Gonzalo Fraga. Por outra parte, dende 1995, Edelmiro Ulloa oficiaba a Eucaristía os últimos domingos de mes, en calidade de capelán da Residencia Sanitaria.

Despois do padre Mato como Consiliario de Cope-Lugo, o Bispo da Diocese nomea, no ano 1983, a Mario Vázquez Carballo para ocuparse deste cargo. Naquel tempo, durante catro anos, sendo Mario Delegado Diocesano da Mocidade, emitíase xa o programa **Alternativa**, na FM, a partir das nove da noite. Este programa naceu co fin de achegar a Igrexa ós mozos de Lugo. Neste momento, como froito de diversos encontros e acordos de ámbito nacional, acadáronse novos espazos para a programación relixiosa. Así, despois da **Santa Misa**, comezouse a emitir o programa local **Igrexa entre liñas**, un espazo que é o altavoz da actualidade diocesana, voz da igrexa local. Este espazo foi presentado e



*Mario Vázquez e María José Campo, presentadores e directores de "Igrexa en Lugo", "Igrexa entre liñas", "Iglesia Noticia" e "El Espejo", espazos diocesanos de Cope Lugo nas súas distintas etapas*



realizado nos seus comezos por Mario Vázquez, posteriormente pola recordada Pilar Peruga, quen fora directora do Secretariado de Medios de Comunicación Social dende 1993 ata a data do seu pasamento, en agosto de 1999.

Dende outubro de 1997, tamén está en antena na diocese de Lugo o programa **Igrexa en Lugo**, que estivo presentado por Mario Vázquez e, durante dous anos, por Manuel Varela e José Manuel Castro como produtor e técnico de son.

En setembro de 1999 José Manuel Castro Alba é nomeado Coordinador de Secretariado Diocesano de Medios de Comunicación da Diocese e asume as funcións de Mario Vázquez e Pilar Peruga, en prensa e na programación relixiosa de Cope. Mario Vázquez voltaba como presentador dos espazos relixiosos da emisora e posteriormente tomou o relevo María José Campo, quen xa estaba colaborando nestes programas como contertulía. Xosé Manuel Castro encargábase de labores de dirección, produción e tamén facía técnico de son.

Durante a semana e de luns a venres, consolidouse nesta etapa un espazo de reflexión de dous minutos ao comezo da programación local, que coa incorporación de María José Campo se denominou **Pregarias ó mediodía**.





*O actual equipo de "El Espejo" está formado por María José Campo, Ana Sureda e Miguel Álvarez, con Manolo Varela no control de son*

Na etapa de María José como presentadora de **Igrexa en Lugo** consolídase o equipo de contertulios coas figuras de Ana Sureda, Enrique Luis Sánchez, Luis Ansemil e Xosefina Palmeiro, entre outros. Hai que reseñar tamén que este equipo participou en programas de ámbito galego e nacional, tanto na COPE como noutras emisoras.

### **A programación relixiosa na actualidade**

Coa chegada de Monseñor Alfonso Carrasco Rouco como bispo de Lugo, en 2008, houbo cambios nos organismos diocesanos. No eido do que estamos falando, o da comunicación, José Manuel Castro é nomeado Delegado Diocesano de Medios de Comunicación e Consiliario de Cope Lugo. María José Campo recibe o nomeamento de Xefa de Prensa do Bispado e asume tamén a coordinación da programación relixiosa en Cope.

A partir de entón a programación relixiosa normaliza o seu estilo segundo os estándares de cadena. Os novos nomes dos programas son agora os nacionais, "El Espejo" e "Iglesia Noticia", que conta como espazo central cunha conversa co bispo, Monseñor Alfonso Rouco sobre temas de actualidade. Manolo Varela, colaborador en etapas anteriores, pasa a ser locutor no informativo e realiza tamén labores de control de son. Miguel Álvarez e Ana Sureda son agora o contertulios de "El Espejo".